

O PLENO DO CONCELLO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE XULLO DE 2008, ADOPTOU, ENTRE OUTROS, O SEGUINTE ACORDO:

8º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do concurso para asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación, por concurso, con procedemento aberto, da *asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra*, segundo licitación publicada no BOCE do 27/11/2008, no DOG 234/07, do 4 de decembro, e no BOP num. 286/07, de data 13 de decembro.

De conformidade co previsto no artigo 7 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeron o concurso, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro de 2007, e á vista da proposta da Mesa de Contratación, proponse:

1º.- Adxudicar o contrato *da asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra*, ó licitador U.T.E URBEPLAN, S.L Y ASESORES CONSULTORES GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE ENERGIAS ARC, S.L, con domicilio social en R/Galeras, 13, Planta 4, oficina 4-15.705- Santiago de Compostela , por ter acadado a maior puntuación no concurso, de acordo cos seguintes extremos:

1.1.- O prezo total do contrato ascende á cantidade de cincocentos un mil seiscientos vinte e oito euros con oitenta e seis céntimos (#501.628,86#), segundo a oferta presentada polo licitador-adxudicatario no sobre C" Oferta Económica"

1.2.- O obxecto do contrato será a a realización dos traballos de asistencia técnica para a redacción do Plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4 , Parque Empresarial de Vedra, de acordo coa memoria presentada polo licitador adxudicatario no sobre B "Referencias técnicas"

2º.- Notificarlle o presente acordo ó licitador adxudicatario, para o seu coñecemento e efectos, así como para o inicio dos seguintes prazos:

2.1.- O prazo de entrega dos traballos a realizar de acordo co prego de cláusulas que rexeron o concurso e o calendario ofertado

2.2.- O prazo de 30 días, dende dita dita notificación, para a formalización do contrato, debendo aportar previamente xustificantes acreditativos de ter depositado a fianza definitiva á que se refire a cláusula 4 do prego citado, así como de ter ingresado os gastos derivados da licitación

3º.- Así mesmo , respecto dos licitadores non adxudicatarios, notificarlles este acordo e declarar que mediante o presente quedan extinguidas e canceladas as garantías provisionais prestadas, debéndose proceder á devolución dos documentos soportes das mesmas.

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

